A miña propia historia verdadeira de pantasmas

Rudyard Kipling

Tradución: Breogana Gato Blanco
Versión: 1.0
https://gatoblanco.chafalladas.com

Ó vir polo deserto, así foi...
Ó vir polo deserto.

A Cidade da Noite Aterrecedora[1]

Nalgures no Outro Mundo, onde hai libros, cadros, obras de teatro, escaparates que ollarmos e milleiros de persoas que pasan a súa vida facendo estas catro cousas, vive un señor que escribe historias reais sobre os sentimentos reais da xente, e que se chama Walter Besant. Pero teima en trata-las súas pantasmas —ten publicado medio obradoiro delas— frivolamente. Fai falar ós seus médiums con confianza e, mesmo, namora-las pantasmas descaradamente. Un pode tratar calquera cousa, dende un vicerrei ata un xornal na lingua local, con frivolidade; pero ten que respectar unha pantasma, especialmente se é india.

Hai, nesta terra, pantasmas que toman a forma de cadáveres gordos, fríos e inchados, e se agochan nas árbores das beiravías ata que pasa un viaxeiro. Entón bótanse ó seu pescozo e alí quedan. Hai tamén terribles pantasmas de mulleres que morreron ó dar a luz. Estas vagan polos carreiros ó luscofusco ou agóchanse nas leiras achegadas á unha aldea e chaman con voz feiticeira. Pero atende-la súa chamada significa a morte nesta vida e máis na seguinte. Teñen os pés virados cara atrás para que os homes sobrios as recoñezan. Hai pantasmas dos meniños que botaron ós pozos. Estas andan cabo dos pozos e nas beiras das fragas e láianse baixo as estrelas, ou collen as mulleres polo pulso e préganlles que os carguen. Estas e as pantasmas cadavéricas, con todo, son produtos enxebres e non atacan os *sahibs*. Aínda non se soubo con certeza de ningunha pantasma nativa que asustase a un inglés, pola contra, moitas pantasmas inglesas déronlles un susto de morte tanto a brancos coma a negros.

Case tódalas estacións teñen a súa propia pantasma. Disque hai dúas en Simla, fóra a muller que lle dá ó fol na remuda de Syree na Estrada Vella; nunha casa de Mussoorie hai unha Cousa moi charabiscas; unha Dama de Branco seica fai a rolda nocturna nunha casa de Lahore; Dalhousie di que unha das súas casas "repite" nos seráns de outono tódolos sucesos relacionados cun accidente ecuestre nunha carricova; Murree ten unha pantasma alfúfara e, agora que a desolou o cólera, caberalle unha tristeira tamén; hai un cuartel en Mian Mir no que as portas se abren sen motivo, e no que os mobles sempre renxen, non pola calor de xuño, senón polo peso dos Invisibles que veñen esvacoarse nas cadeiras; Peshawur ten casas que ninguén quere alugar; e hai algo malo, que non é a febre, nunha gran casa de Allahabad. As provincias máis vellas están ateigadísimas de casas con pantasmas e estantigas militares marchan polas estradas principais.

Algunhas remudas da vía Grand Trunk teñen pequenos e prácticos cemiterios no seu terreo —testemuñas das "mudanzas e andanzas desta vida mortal"[2] no tempo en que a xente ía pola estrada de Calcuta ó noroeste. Estas casas son inaturables. Normalmente son moi vellas, sempre lixosas, e o *khansamah*[3] é tan antigo coma a casa. Ou latrica por mor da senilidade ou cae nun longo transo por mor da vellez. En ámbolos estados é inútil. Se te anoxas con el, amenta un *sahib* morto e soterrado hai trinta anos, e di que cando servía a aquel *sahib* non había outro *khansamah* igual na provincia. Entón lareta e xesticula e treme e anda nos pratos con refusía, e acabas arrepentido do teu amúo.

Nestas remudas é moi posible atopar ánimas, e cando se atopan cómpre tomar nota. Non hai moito tiven que vivir en remudas. Nunca quedaba máis de tres días seguidos na mesma casa e fíxenme un experto nelas. Vivín nas construídas polo goberno, de ladrillos vermellos e teito de canizo, cun inventario dos mobles en tódolos cuartos e unha serpe rabiada no limiar para dá-la benvida. Vivín nas "convertidas" —casas vellas que servían de remudas— onde nada estaba onde debía e non había nin galiña vella para cear. Vivín en pazos de segunda man onde o vento sopraba pola celosía de mármore traballado dun xeito tan molesto coma a través dun vidro roto. Vivín en

remudas onde a última entrada no libro de visitas tiña quince meses e onde lle cortaban a cabeza ó cabrito cunha espada. Tiven a boa sorte de coñecer toda clase de homes, dende sobrios misioneiros ambulantes e desertores que fuxían dos rexementos británicos, a badanas borrachos que lle guindaban botellas de whisky ós transeúntes; e aínda máis sorte de escapar por un pelo dun caso de maternidade. Como unha boa proporción da traxedia da vida neste mundo acontece nas remudas, preguntábame como era que non atopara unha ánima. Unha pantasma que quedase voluntariamente nunha remuda tiña que estar tola, por suposto; pero tantos homes morreron tolos en remudas, que ten que haber unha boa porcentaxe de pantasmas aluadas.

Finalmente atopei a miña pantasma, ou pantasmas máis ben, porque foron dúas. Ata entón estaba de acordo co xeito en que as pintaba o señor Besant, como se ve en "The Strange Case of Mr. Lucraft and Other Stories". Agora estou na *oposición*.

Finxamos que a casa de Katmal semellaba unha remuda, aínda que *iso* era o seu aspecto menos aterrecedor. Un home escrupuloso non podería durmir nestas casas. Debería casar. A remuda de Katmal estaba vella, podrecida e desaquelada. O chan era de tixolo luído, os muros estaba lordentos e as fiestras case negras pola cotra. Daba a un carreiro usado principalmente por toda sorte de asistentes nativos dos subdelegados, dende os de facenda ós forestais; pero era raro ver un auténtico *sahib*. O *khansamah*, encrequenado pola vellez, así o afirmaba.

Cando cheguei, caía unha choiva intermitente, indecisa, sobre a tona da terra, acompañada dun vento inquedo, e cada refacho facía un son coma o troupelear de ósos secos nas irtas palmeiras de fóra. O *khansamah* toleou cando cheguei. Xa servira a un *sahib*. Coñecía a aquel *sahib*? Díxome o nome dun home ben coñecido que levaba soterrado máis dun cuarto de século, e amosoume un vello daguerrotipo daquel home na súa mocidade prehistórica. Vira un gravado del na cabeceira dun volume dobre de memorias había un mes, iso fíxome sentir tremendamente vello.

Era a noitiña, así que o *khansamah* foi buscar comida. Non disimulou chamándoa *khana*: pitanza. Dixo *ratub*, que significa, entre outras cousas, caldada ou comida de can. Non pretendía ofender con esa palabra, seica esquecera a outra.

Mentres partía os cadáveres de animais, instaleime tras explora-la remuda. Había tres habitacións á parte da miña, que era unha caustra na esquina, que comunicaban unha na outra a través de portas brancas lordentas fechadas con trancas de ferro. A casa era moi sólida, os tabiques das habitacións, pola contra, case unha trapallada de tan delgados. Cada paso ou topada do baúl resoaba dende o meu cuarto polos outros tres, e cada pisada reverberaba tremente nos muros distantes. Por esa razón pechei a porta. Non había lámpadas, só candeas en longas pantallas de vidro. No baño ardía un candil.

No tocante a miseria pura e lúgubre aquela remuda era a peor das moitas nas que estivera. Non había cheminea e as xanelas non abrían, así que un braseiro de carbón sería inútil. A choiva e o vento chapuzaban, gorgolexaban e xemían arredor da casa e as palmeira troupeleaban e bruaban. Media ducia de chacais atravesaron o recinto cantando e unha hiena moqueouse deles de lonxe. Unha hiena podería convencer a un saduceo da resurrección dos mortos... a peor clase de mortos. Entón chegou a hora do *ratub* —unha comida curiosa, medio nativa e medio inglesa— co ancián *khansamah* farfallando trala miña cadeira sobre ingleses mortos e esquecidos e o vento facendo xogos de sombras coas candeas, a cama e o mosquiteiro. Eran a clase de cea e noite que fan a un home pensar en tódolos seus pecados pasados e os que ten intención de cometer se sobrevive.

Durmir, por varias razóns, non era doado. O candil do baño ceibaba as sobras máis absurdas no cuarto e o vento comezaba a laretar.

Xusto cando esas razóns adormecían pola chuchada de sangue, oín no recinto o típico gruñido dos carretadores en angarellas: Veña pra ’riba. Entraron as primeiras angarellas, logo unhas segundas, e logo unhas terceiras. Sentinas bater contra o chan, e as contras en fronte da miña porta tremeron. "Alguén tenta entrar", dixen, mais ninguén falou, así

que me persuadín de que fora un refacho. Sacudiron as contras do cuarto do lado, empuxáronas con refusía, e abriron a porta interior. "Debe de ser algún asistente de subdelegado", dixen, "e trae os amigos con el. Agora se pasarán unha hora a falar, esgarrar e fumar".

Pero non se oíron voces nin pegadas. Ninguén descargaba a súa equipaxe no cuarto do lado. Pechouse a porta e din gracias á providencia de que me deixasen en paz. Pero quedei coa curiosidade de saber onde foran os carretadores. Erguinme do leito e botei unha ollada á escuridade. Non había rastro deles. Xusto cando me metía na cama de novo oín no cuarto do lado o son de algo que ningún home con sentido pode trabucar: a fricción da bola ó percorre-lo tapete cando o tirador xoga o saque. Ningún son se lle asemella. Un minuto despois oíuse a fricción de novo e metinme na cama. Non tiña medo, xuro que non. Tiña moita curiosidade por saber que fora do carretadores. Metinme no leito dun chimpo por ese motivo.

Ó pouco oín o dobre estalo dunha carambola e puxéronseme os pelos de punta. É un erro afirmar que o pelo se pon de punta. A pel da cabeza contráese e sentes un encrespamento e un proído feble por toda ela. Iso é o pelo póndose de punta.

Oín unha fricción e un estalo, e ámbolos sons só os pode producir unha cousa: unha bola de billar. Debatín a cuestión comigo mesmo un bo anaco; e canto más o debatía menos probable parecía que unha cama, unha mesa e dúas cadeiras —todo o mobiliario do cuarto do lado— puidesen imitar tan exactamente os sons dunha partida de billar. Trala seguinte carambola, a tres bandas se se guiaba un polo ruído, deixei de debater. Atopara a miña pantasma e tería dado calquera cousa por escapar daquela remuda. Escoitei, e canto máis escoitaba máis nidio era o xogo. Oía unha fricción tras outra, un estalo tras outro. Ás veces soaba un estalo dobre seguido dunha fricción e doutro estalo. Sen dúbida, alguén xogaba ó billar na habitación do lado. Pero a habitación do lado non era grande abondo para ter unha mesa de billar!

Entre as pausas do vento oín continua-lo xogo... golpe tras golpe. Tentei crer que non oía voces, mais non o conseguín.

Sabéde-lo que é o medo? Non o medo corrente ó insulto, ó dano ou á morte; senón o terror abxecto e arrepiante a algo que non se ve, o medo que seca o interior da boca e media gorxa, o medo que fai suda-la palma da man e tragar para mate-lo pinguelo a traballar? Ese é un medo especial, unha covardía inmensa, e hai que sentilo para apreciarlo. A propia improbabilidade dun billar nunha remuda probaba a realidade do suceso. Ningún home, bébedo ou sobrio, podería imaxinar un xogo de billar ou inventa-lo agudo golpe dunha carambola con efecto abaixo.

Unha excesiva estancia en remudas ten esta desvantaxe: provoca infinita credulidade. Se un home lle di a un asiduo recoñecido das remudas: "Hai un cadáver no cuarto do lado, e hai unha moza tola no seguinte, e a muller e o home que montan aquel camelo fuxiron dun lugar a noventa e sete quilómetros", o oínte non dubidará, porque non hai nada raro, grotesco ou horrible dabondo que non pase nunha remuda.

Esta credulidade, desgraciadamente, esténdese ás animas. Unha persoa racional acabado de chegar da súa casa daría a volta e adormecería. Eu non. Tan certo como que as moreas de cousas que había na cama perderon o interese en min, xa que a acumulación do sangue no meu corazón facíame parecer unha casca inútil; así oía tódolos choques dun longo xogo de billar na oca habitación que había trala porta trancada. O meu principal temor era que os xogadores precisasen alguén que anotase a puntuación. Era un medo absurdo, porque unhas criaturas que podían xogar ás escuras non necesitarían miudezas coma esa. Só sei que ese era o meu pavor, e era real.

Pasado moito, moito tempo parou o xogo e cerrouse a porta cun golpe. Durmín porque estaba mallado, senón tivera preferido quedar esperto. Nin por tódolos tesouros de Asia tería sacado a tranca e abesullado no escuro cuarto do lado.

Á mañá seguinte matinei que fixera o correcto e asisado e comecei prepara-la miña partida.

—Por certo, *khansamah* —dixen—, que facían eses tres carretadores no recinto pola noite?

—Non viñeron ningúns carretadores —dixo o *khansamah*.

Fun ó cuarto do lado e a luz raiolaba pola porta aberta. Fun moi afoutado. A esa hora tería xogado billar mesmo co demo.

—Sempre foi este sitio unha remuda? —preguntei.

—Non —dixo o *khansamah*—. Hai dez ou vinte anos, esquecín cantos, foi un salón de billar.

—O que?

—Un salón de billar para os *sahibs* que fixeron o ferrocarril. Daquela eu era *khansamah* na casa grande, onde vivían tódolos *sahibs* do ferrocarril, e adoitaba vir traerlles brandy. Estes tres cuartos eran un so, que tiña unha mesa na que os *sahibs* xogaban tódalas tardes. Pero xa morreron tódolos *sahibs*, e o tren, disque, vai preto de Kabul.

—Lembra algo dos *sahibs*?

—Hai moito tempo disto, pero lembro que un *sahib*, un gordo sempre encabuxado, unha noite que estaba a xogar díxome: “Mangal Khan, brandy-*pani do*”, e enchinlle o vaso. Inclinouse para tacar e foi baixando a cabeza ata que tocou a mesa e lle caeron os lentes. E cando fomos —os *sahibs* e máis eu— a erguelo, estaba morto. Axudei a levalo fóra. Ai, era un *sahib* forte!, mais morreu, e eu, o vello Mangal Khan, aínda vivo, grazas á vosa indulxencia.

Abondaba! Atopara a miña pantasma... un artigo de primeira man, autenticado. Escribiría á Sociedade de Investigación Psíquica; a nova paralizaría o imperio! Pero antes poría oitenta millas cabais de terreo de cultivo entre a remuda e máis eu antes da noitiña. Xa enviará a sociedade o seu axente habitual a investigar máis adiante.

Fun ó meu cuarto e fixen as maletas despois de anota-lo que acontecera. Mentres fumaba oín que comezaba o xogo de novo —errou a tacada esta vez, porque a bola rodou pouco.

A porta estaba aberta e podía ver dentro. Clic... clic! Era unha carambola. Entrei sen medo, porque había luz dentro e unha brisa fresca fóra. O xogo invisible continuaba a grande velocidade. E logo non?, se unha pequena rata inqueda corría dun lado para o outro na sucia tea do teito e un anaco solto da fiestra de guillotina batía constantemente contra o ferrollo, sacudido pola brisa!

É imposible confundi-lo son das bolas de billar! Imposible confundi-lo rozamento da bola sobre o tapete! Pero teño desculpa. Mesmo tras ve-la verdade, cando pechaba os ollos o son asemellábase portentosamente ó dunha partida.

Entrou anoxado o fiel compañeiro das miñas mágoas, Kadir Baksh.

—Esta remuda é pésima e da peor clase! Non me sorprende que molestasen á súa presencia e que estea cheo de trabadelas. Tres parellas de carretadores viñeron á remuda onte á noite cando estaba a durmir fóra e dixeron que adoitaban quedar nas habitacións reservadas ós ingleses! Que deshonra para un *khansamah*! Tentaron entrar, pero eu mandeilles marchar. Non me estraña, se eses *oorias* entraron, que a súa presencia estea tan cheo de mordedelas. É unha vergoña e un comportamento de homes indecentes!

Kadir Baksh non contou que lle cobrara por adiantado dous annas a cada parella pola estancia e logo, onde eu non oíse, deulles unha malleira cun enorme paraugas verde que ata entón non sabía eu para que servía. Pero Kadir Baksh non entende de moral.

Interroguei o *khansamah*, pero axiña fóiselle a cabeza, o anoxo mudou en mágoa, e a mágoa derivou nunha longa conversa, na que situou a tráxica morte do gordo *sahib* enxeñeiro en tres lugares distintos, dous deles a oitenta quilómetros. O terceiro en Calcuta, e aló o *sahib* morrera mestre conducía un *dog-cart*.

Se lle tivese deixado, o *khansamah* tería paseado o cadáver por toda Bengala.

Non marchei tan axiña como quería. Pasei a noite, co vento, a rata, a fiestra e o pecho xogando unha partida igualada a cento cincuenta puntos. Logo acabouse o vento e o billar parou, e sentín que chafara a miña única historia de pantasmas xenuína e fidedigna.

Se tivese parado no intre axeitado, podería ter feito calquera cousa con ela.

Iso era o máis amargo de todo!

Notas

[←1]

Tradución propia. Poema do escocés James Thomson (23 de novembro de 1834 – 3 de xuño de 1882).

[←2]
Cita da oración do rito da comuñón.

[←3]
Encargado.